



Concello de Lugo

ORZAMENTOS XERAIS DO CONCELLO DE LUGO 2025

MEMORIA DA ALCALDÍA

Firmado por: ***539*** - MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO (FECHA: 2025-01-13 13:13:20.00)

CVD: Kdjreu1QtUcrMRSxZsEn

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.





Concello de Lugo



Concello de Lugo

MEMORIA DE ALCALDÍA

PROXECTO DE ORZAMENTOS XERAIS

ANO 2025

CONTEXTO HISTÓRICO

O Proxecto de Orzamentos que se presentan para 2025 é o segundo deste mandato resultante das eleccións locais que se celebraron o 28 de maio de 2023 e o primeiro no que, tras o Pleno de investidura do día 18.01.2024, se outorgou a confianza a Mercedes Paula Alvarellos Fondo como Alcaldesa-Presidenta do Concello de Lugo.

Dada a responsabilidade que supón a formulación e presentación dun Proxecto de Orzamentos co máximo rigor técnico, con respecto escrupuloso á lexislación vixente e que, dende un punto de vista social e económico, sirva para ordenar e priorizar as políticas públicas que proporcionen bens e servizos dende o prisma progresista da equidade social, permitindo redistribuír de maneira eficaz e eficiente os recursos públicos e facendo fincapé, como non podía ser doutra maneira, na poboación máis vulnerable, é necesario analizar o contexto económico a nivel mundial, autonómico e local que permitan situar a estrutura e



MURALLA
patrimonio da humanidade

coxuntura económica actual e futura e coadxuven á elaboración e formulación dos Orzamentos que agora se presentan.

Atopámonos ante un escenario de tipos de xuros que parece que vai ser persistentemente baixista -cun tipo de xuro de referencia, para mediados do ano 2025 que podería estar sito nun entorno próximo ao 2,50%-2,25%. Organismos Internacionais apuntan a unhas previsións de crecemento económico para 2025 en torno ao 2,2% para España, polo 1,0% da Eurozona. Semella confirmarse, por tanto, un escenario de recuperación económica suave no medio prazo, impulsada polo consumo e apoiada polo esforzo financeiro que, en anos anteriores, se fixo dende o ámbito público para reactivar a economía.

Neste contexto prevese que a inflación fluctúe en torno ao obxectivo de inflación do BCE do 2 % a partir do segundo trimestre de 2025, nun contexto de relaxación das presións sobre os custos e transmisión gradual do impacto de anteriores decisións de política monetaria aos prezos de consumo. Así, o IPC adiantado a nivel nacional do mes de decembro sitúase nun 2,8%, mentres que o correspondente ao mesmo mes de 2023, situouse nun 3,1% e o de 2022 nun 5,7%.

Un escenario alentador que posibilita ás administracións entrar nunha fase de reequilibrio financeiro, logo de varios anos de asunción do incremento do gasto corrente para atender ás urxencias derivadas da crise sanitaria e paliar o estancamento e retracción da actividade económica global que ocasionou a Covid 19 sen repercutir, tampouco, no peto das e dos contribuíntes - para non castigar máis ás economías domésticas - o encarecemento que experimentaron todos os servizos como consecuencia do conflito bélico en Ucraína.

Analizado o contexto económico internacional e nacional, descendemos agora a un nivel local, no que cobra especial relevancia, por ser determinante para a formulación das previsións de ingresos autonómicos, provinciais e locais, a dotación económica procedente das entregas a conta da PIE por parte do Estado no exercicio 2025, así como a previsión da liquidación de 2023, que amosa ser optimista



Concello de Lugo

segundo as expectativas que chegan do goberno do estado (<https://www.lamoncloa.gob.es/serviciosdeprensa/notasprensa/hacienda/paginas/2024/150724-entidades-locales-entregas-a-cuenta.aspx>).

Isto, xunto coa actualización de certas tarifas e figuras tributarias que tivo lugar a finais de 2024, así como a continuidade do plan de inspección municipal que reverterá de xeito positivo na recadación de maiores ingresos para o Concello de Lugo, permítenos presentar un Proxecto de Orzamentos municipal que se atopa entre os máis altos da súa historia.



MURALLA
patrimonio da humanidade

CONTIDO DO ORZAMENTO

O Proxecto de Orzamentos xerais para 2025 preséntase equilibrado, cunha previsión no estado de ingresos e gastos de 121.119.314,86 €.

Novamente se formula co reto ilusionante de atender ás necesidades dos distintos sectores da sociedade lucense, prestando servizos públicos de calidade co obxectivo fundamental de que este continúe a ser o mandato da recuperación e o crecemento de Lugo e que permita construír unha cidade máis atractiva, chea de vida e de oportunidades, respectuosa co medio ambiente, mellor conectada, máis segura, igualitaria, inclusiva, participativa e cuns servizos públicos fortes e eficientes, con capacidade para respostar aos retos que presenta o futuro e espertar o orgullo da cidadanía e que poida, en definitiva, acadar os obxectivos planeados, con responsabilidade, determinación e ambición.

Para acadar iso é preciso contar cun instrumento fundamental como é o Orzamento municipal para o exercicio 2025, ao constituír o documento de xestión, expresado en termos económicos e financeiros, no que se plasmen as decisións políticas con transcendencia económica, que permitan conseguir os obxectivos programados, e que ademáis, funcione como unha ferramenta de referencia para o seguemento da correcta xestión dos recursos públicos.

Isto significa que a asignación dos recursos municipais ás diferentes políticas, programas e actuacións, proxectos e conceptos de gasto obedecen a unha lóxica de priorización orientada á obtención de resultados en prol da equidade social e da mellora do benestar e a calidade de vida da veciñanza, así como ao cumprimento do programa definido polo equipo de Goberno municipal e no proxecto de cidade que xa veñen sendo reflectidos dende o inicio de mandato.



Concello de Lugo

Lugo continúa, así, o proceso de recuperación económica desprendido das crises xeradas pola situación pandémica e pola alza de prezos que ocasionou a guerra en Ucraína. Este Concello pretende contribuír a esta recuperación cun Orzamento axustado, cunha clara vocación social e expansiva, en tanto atende á conclusión de proxectos xa iniciados que resultan determinantes para a cidade, pero tamén destina unha importante parte do seu investimento a atender outras necesidades anteriores e actuais do municipio sen descoidar o aumento do gasto que resulta necesario para dar cobertura á suba de prezos das obras e servizos, mantendo a calidade das prestacións.

Este incremento incide de forma particular nos investimentos, dirixidos moi especialmente á reactivación da economía mediante a innovación, a sustentabilidade e as novas tecnoloxías, como sucede coas actuacións financiadas cos fondos Next Generation. Aínda así, o Orzamento do Concello para 2025 continúa apostando, eminentemente, polas políticas sociais, mantendo importantes contías dedicadas a sufragar este tipo de gastos e o mantemento da vivenda, sen esquecer outras esixencias da cidade como son a limpeza, o medio ambiente e o transporte, que continúan a ser reforzadas con importantes dotacións.

A elaboración do Orzamento de ingresos se ten realizado tendo en conta as previsións de recoñecementos de dereitos e de recadación, sempre baixo a consideración dun más que evidente principio de prudencia orzamentaria. Por outra banda, o baixo nivel de endebedamento do Concello de Lugo, permitirá que se poida concertar débeda, manténdoo, aínda así, moi por debaixo dos límites prudentes e por suposto dos legais.

O Orzamento Xeral do Concello de Lugo comprende a información integrada e sistematizada das magnitudes e aplicacións orzamentarias, tanto do propio Concello como da súa entidade mercantil dependente, e se orienta cara o cumprimento da visión de cidade deste equipo de Goberno Municipal, que se caracteriza por:



MURALLA
patrimonio da humanidade

- A loita contra as desigualdades e a defensa dos dereitos sociais, a diversidade e a integración real, destinando o gasto social á protección de quen máis o necesita.

- A loita contra a emerxencia climática e a contaminación, fomentando a protección do medio ambiente e a mobilidade con políticas proactivas nas que a persoas é protagonista, facendo de Lugo unha cidade á vangarda, máis resiliente e sostible dende todos os puntos de vista.

- O apoio á actividade económica, para ser referentes en emprendemento, ocupación de calidade, economía verde e circular, fomentando o asentamento e consolidación empresarial e a diversificación industrial como foco de atracción e retención do talento na procura de atender, tamén, ao reto demográfico.

- O dereito á vivenda, impulsando a rehabilitación e a rexeneración urbana nos barrios baixo criterios de sostibilidade, accesibilidade e perspectiva de xénero, apostando por uns espazos públicos que impulsen a convivencia interxeracional e a participación e implicación activa de todos os perfís poboacionais.

- A aposta pola educación, a cultura, o deporte, a ciencia e a innovación, non só como piares básicos do Estado do Benestar, senón tamén pola promoción dos seus valores identitarios sendo, ademais, excelentes ferramentas para o impulso dun ocio alternativo, nomeadamente entre a mocidade, que fomente un modelo de vida saudable apoiado na amplitude de recursos e potencialidades do patrimonio natural, artístico, histórico e paisaxístico local que posuímos.



Concello de Lugo

Análise da variación do Proxecto presentado con respecto a 2024

O total de gastos do Concello (capítulos 1 a 9) relativos ao Proxecto de Orzamento 2025, diminúe nun 0,60 % en relación aos créditos iniciais do Orzamento 2024.

No Proxecto de Orzamento 2025 os gastos non financeiros totais consolidados do ámbito de Administración Pública do Concello de Lugo son de 118.219.314,86 euros, un 1,61 % inferior en comparación cos créditos definitivos do Orzamento inicial 2024. Os gastos correntes sitúanse en 108.248.553,80 euros (incluíndo o fondo de continxencia), un 2,07 % superiores ao 2024. Os gastos de capital e as transferencias de capital cífranse en 9.970.761,06 euros, reducíndose con respecto ao exercizo 2024, especialmente no relativo a estas últimas, ao non ser precisas achegas a outras administracións e en agarda da aprobación da estratexia EDIL no que se refire ao investimento municipal, aínda que se consigna unha achega municipal correspondente á primeira anualidade desta estratexia. O decrecemento é do 29,27 % respecto do Orzamento do exercicio anterior.

O total de ingresos do Concello (capítulos 1 a 9) relativo ao Proxecto de Orzamento 2025, diminúe nun 0,60 %, en relación ás previsións iniciais do Orzamento 2024.

O volume previsto de ingresos non financeiros é de 112.159.314,86 euros, dos cales 111.659.314,86 son ingresos correntes e 500.000,00 son ingresos de capital. Os ingresos non financeiros do 2025 aumentan nun 3,60 % en relación ás previsións iniciais do 2024, grazas aos axustes nas figuras impositivas e tributarias realizado a finais do 2024, que permite achegarse un pouco máis ao autofinanciamento dos servizos esixido pola normativa.



MURALLA
patrimonio da humanidade

O volume de endebedamento previsto para esta anualidade para o financiamento de investimentos, 8.860.000,00 euros, móstrase moderado con respecto ao ano precedente (13.500.000,00 euros), supoñendo o 7,32 % do Orzamento de ingresos do Concello de Lugo.

Como se aprecia, o Orzamento Municipal para o 2025 é un documento que claramente mantén a vontade expansiva do exercicio precedente, cun aumento do gasto corrente que supera os dous millóns de euros coa finalidade de atender axeitadamente ás necesidades do municipio e ampliar a cobertura das diferentes prestacións, tratando de suplir con este esforzo a carencia de recursos autonómicos que resultan necesarios para manter servizos esenciais como, por exemplo, os comedores escolares ou a Axuda no Fogar (competencia exclusiva da Administración galega) e implementando, así mesmo, un alto nivel do investimento necesario para facer fronte aos retos que encara a cidade, pero sen renunciar a consolidar o incremento dos gastos de anos anteriores destinados ao desempeño das políticas sociais, prioritarias neste Concello, para o fortalecemento dunha rede asistencial que abonde na consecución do modelo de cidade 8 - 80 na que Lugo leva tanto anos traballando.

Os criterios de priorización en canto á asignación de recursos orzamentarios no Concello de Lugo veñen marcados polas orientacións que determinan conxuntamente o equipo de Goberno municipal e a cidadanía en xeral, a través dos diferentes procesos participativos establecidos que concretan a visión de cidade, os eixos estratéxicos preferentes, os diferentes obxectivos que se queren cumprir e as actuacións dirixidas ao desempeño dos mesmos.

A este respecto, o Plan de Acción da Axenda Urbana Lugo 2030 aprobado no ano 2022, determinou os eixes, liñas de actuación e obxectivos que se integrarán co Orzamento. O sistema de prioridades empregado na elaboración do plan é o propio do equipo de Goberno e o seu compromiso co desenvolvemento sustentable, a igualdade, o dereito á vivenda, a loita contra a emerxencia climática e o apoio e fomento da innovación, prioridades que se plasman en programas



Concello de Lugo

concretos do Orzamento pero, tamén, de forma transversal en moitas intervencións que se realizan en calquera das áreas municipais, mesmo en ámbitos de actuación que, en principio, están dirixidos a outros obxectivos moi diferentes. Así, dentro de programas destinados a proporcionar un determinado servizo á cidadanía poden levarse a cabo accións que contribúen, por exemplo, á protección do medio ambiente ou á igualdade de xénero. Unha análise transversal dos Orzamentos desde o punto de vista de cada unha das materias capitais para o Concello amósao como unha ferramenta moi útil para valorar os esforzos da administración ao resolver as problemáticas especialmente sensibles para asignar máis recursos e, incluso, para sensibilizar a toda a estrutura municipal, coa finalidade de promover iniciativas adecuadas dentro das diversas competencias.

Os obxectivos de prestar servizos sustentables, loitar activamente contra o cambio climático, salvagardar os dereitos da cidadanía e promover a equidade social, a seguridade, a igualdade entre xéneros - que foron feitos propios sempre por este Concello no deseño das súas políticas - alcanzan transversalmente a toda a actividade municipal e intégranse con naturalidade cos obxectivos de desenvolvemento da propia Axenda Urbana municipal.

A medio prazo, o Orzamento de 2025 está orientado a rematar a execución dos fondos europeos de recuperación (MRR), cuxa xestión iniciou o Concello en 2021 a través da comisión política presidida pola Alcaldía, con liñas dirixidas á dixitalización, ao desenvolvemento sostible e á cohesión social. Todos eles, resultan investimentos estratéxicos para o futuro da cidade que se unirán a outros de implantación tecnolóxica e industrial que se confirmarán ao longo do ano, a través do noso fondo de capital risco, e que reportarán centos de novos postos de traballo e a promoción de Lugo como polo de modernización de primeiro nivel.

A longo prazo, as contas previstas para o 2025 contemplan, o investimento na renovación de infraestruturas tan fundamentais como son as redes de abastecemento e saneamento, a construción dun refuxio de animais adaptado ás necesidades actuais do municipio ou a



MURALLA
patrimonio da humanidade

finalización dos proxectos de rexeneración e humanización do Centro Histórico cos que se avanza nun novo modelo de mobilidade que redundará na sostibilidade e na peonalización, con repercusión directa sobre a calidade ambiental, na propia subministración de servizos e na protección do patrimonio en todo o ámbito, ao tempo que se impulsará o incremento da conectividade dos diferentes barrios e parroquias a través da mellora dos accesos e da rede viaria municipal.

Actuacións nas que a cooperación institucional adquire unha relevancia destacada non só para algúns deses proxectos, senón tamén para outros tan sinalados como a creación dun cinto lineal verde con enorme atractivo ecolóxico e paisaxístico - que redundará na oferta de recursos lúdicos e turísticos a disposición da poboación - ou na implementación de servizos e dotacións asistenciais.

Así pois, o gasto e investimento municipais para o 2025 mantense nas cifras do exercicio precedente e segue orientándose, na mesma liña que en anualidades previas, baixo os criterios de sustentabilidade marcados na propia Axenda Urbana municipal, sendo as contas que servirán para asentir os que van ser, sen dúbida, uns anos de intensa rexeneración da nosa cidade que a van consolidar como máis atractiva, respectuosa co medio ambiente, segura e participativa, que mire ao futuro con orgullo e determinación.

A alcaldesa, Mercedes Paula Alvarellos Fondo

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe